

CONCELLO DE PORTOMARÍN

BASES PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE DOUS TRABALLADORES PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión de **dous** traballadores por un prazo de **3 meses** para o posto de conductor de Motobomba. A convocatoria faise con carácter temporal, polo sistema de concurso para a provisión por persoal laboral temporal conforme á tramitación esixida pola Vixente lexislación.

Formalizaráse co persoal seleccionado un contrato de obra ou servizo determinado, conforme ó previsto no Estatuto dos Traballadores.

Serán funcións a desempeñar polos contratados, dacordo co previsto na vixente lexislación, aquelas que se lle encomenden pola Alcaldía ou Concelleiro delegado que garden relación co posto a desempeñar e co obxecto da convocatoria e recollidos no convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Portomarín para a participación na prevención de incendios forestais mediante actuación do vehículo motobomba.

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro da Comunidade Europea, nos termos sinalados na Lei 7/2007 de 12 de abril.

- b) Ter entre 18 e 60 anos de idade (recomendacións do Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Portomarín.

- c) Estar na posesión do Permiso de Condución Clase C. No caso de titulacións obtidas en países extranxeiros acreditarase a correspondente a correspondente homologación polo Ministerio con competencias en materia de educación.

- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias (según recomendacións do Convenio de Colaboración son excluyentes lesións de corazón, pulmón ou intestinales, trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor, enfermidades infecciosas e obesidade, en mulleres o embarazo. A cegueira e sordeira son igualmente causas de exclusión).

- e) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

- f) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento das funcións públicas. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán poseerse polos/as aspirantes no momento da selección. A participación neste concurso leva consigo a aceptación das bases que o regulan.

3.- SOLICITUDES

O prazo para presentación de solicitudes así como a documentación acreditativa que probe a posesión dos méritos alegados será de 7 días naturais a contar dende o día seguinte da inserción do anuncio da convocatoria no diario “ El Progreso”.

A documentación a presentar será a seguinte:

- a.-** Solicitud de participación (anexo II) debidamente cumplimentada.
- b.-** Fotocopia compulsada DNI
- c.-** Fotocopia compulsada do carné de conducir
- d.-** Documentación (fotocopia compulsada) que acredite os méritos para a súa valoración .

Co obxecto de asegurar a celeridade do procedemento no mesmo acto procederase **á admisión dos aspirantes e a valoración dos méritos aportados polos mesmos con arranxo ós criterios establecidos no “Anexo I “das presentes bases.**

4.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

O Tribunal calificador encargado da valoración dos méritos para a provisión por concurso dos postos a que se refiren as presentes bases, estará composto por:

- **Presidente:** Dna. Alicia de la Iglesia López.

- **Vogais:** D.Jesús Rodríguez Vázquez
D.José Antonio Varela Vázquez
D. Ángel Manuel Castro Vázquez
Dna. Margarita Viña Santos
.

- **Secretario:** D. José Luis Vázquez Méndez.

Suplentes:

- **Presidente:** D.Eduardo Fernández Arias.

- **Vogais:** D. Serafín Rodríguez López,
D. José Antonio López Pérez
D.Carlos Santoalla Varela.
D. José Antonio Somoza Castro

- **Secretario:** D. Pablo Veiga López-Castelo.

Incorporarase como asesor, en calidade de técnico á Técnico Local de Emprego Dna. María Belén Torres García. Todo elo sen perxuízo do que poida dispoñer ao respecto ó propio órgano de selección, que velará polo cumprimento dos principios de obxectividade na selección, mérito e capacidade.

O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de alomenos tres dos seus membros. Terá dereito ó cobro das asistencia establecidas pola lexislación vixente. Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir cando concurran algunha das causas presentes na vixente lexislación. Os membros do Tribunal valorarán os méritos debidamente xustificadas polos solicitantes, conforme ó establecido no anexo I das presentes bases, quedan facultados para resolver as dúbidas que se lle presente e tomar os acordos precisos para o desenvolvemento correcto do proceso de selección.

5.- SELECCIÓN E NOMEAMENTO.

Os seleccionados polo Tribunal para a provisión dos postos de carácter temporal (conforme os criterios establecidos no Anexo da presente Convocatoria) serán os que obteñan maior puntuación. Polo órgano de selección levantarase acta e publicarase edicto no taboleiro de anuncios do Concello, no que se acordaron os candidatos por orde da puntuación obtida. Elevarase proposta á Sra. Alcaldesa –

Presidenta, que procederá a dictar resolución ó respecto e á formalización do contrato laboral conforme ó previsto na lexislación vixente.

6.- DISPOSICIÓN FINAL.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos dela se deriven, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma prevista na vixente lexislación de procedemento administrativo e da xurisdición contencioso – administrativo.

Portomarín, 21 de xuño de 2010.

A Alcaldesa,

Asdo: Dna. Silvia Rodríguez Díaz.

ANEXO I

BAREMO DE MÉRITOS

Os méritos alegados e xustificados polos solicitantes en orde á contratación de traballadores para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación dun vehículo motobomba, valoraranse con arranxo ás puntuacións que a continuación se relacionan.

1.- TITULACIÓN: Certificado de Escolaridade e Permiso de Conducir Clase C é obrigatorio.

2.- IDADE: entre 18 e 60 anos.

3.- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias (son excluintes lesións de corazón, pulmón ou intestinais, trastornos psicolóxicos, incapacidade do aparato locomotor, enfermidades intestinais, trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor, enfermidades infecciosas e obesidade. En mulleres o embarazo. A cegueira e sordeira son igualmente causas de exclusión).

4.- EXPERIENCIA:

a) Por experiencia profesional na administración , como conductor da carroceta de incendios: 0,5 puntos por temporada de traballado. **Máximo 2 puntos.**

b) Por experiencia profesional na administración en extinción de incendios: 0,5 puntos por temporada, **máximo 1 punto.**

c) Por experiencia profesional na empresa privada como conductor (Clase C): 0,10 por mes traballado, **máximo 1 punto.**

5.- **ENTREVISTA PERSOAL:** versará sobre méritos específicos adecuados ás características do posto e dos requisitos e condicións e medios necesarios para o seu desempeño, dacordo co previsto na convocatoria. Na entrevista persoal valorarase a dispoñibilidade, e coñecemento específico do posto de traballo, responsabilidade que comporta o seu desempeño, a súa capacidade de diálogo e de traballo en equipo, así como motivación, coñecemento do terreo no que vai a desenrolar o seu traballo, etc.... **Máximo 3 puntos.**

Portomarín, 21 de xuño de 2010.

A Alcaldesa,

Asdo: Dna. Silvia Rodríguez Díaz.

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

I.- DATOS REFERENTES Ó POSTO DE TRABALLO

CONDUCTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA PARA A CAMPAÑA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O ANO 2010.

II.- DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
Data de nacemento	D.N.I	Nacionalidade
Domicilio		
Municipio	C.P. Provincia	Teléfono

SOLICITA

Ser admitido no proceso de selección convocado para a contratación laboral temporal (tres meses) para o posto de Conductor de Motobomba.

A estos efectos aporto a seguinte documentación conforme á requirida na convocatoria. (marcar cunha cruz):

- Fotocopia compulsada Certificado Escolaridade
- Fotocopia compulsada do DNI
- Fotocopia compulsada do Carnet de Conducir.
- Documentación (fotocopia compulsada) acreditativa dos méritos alegados:
- Copias compulsadas da documentación acreditativa da experiencia profesional.

Declaro que son certos todos os datos consignados nesta solicitude, e que coñezo e reuno as condicións e requisitos esixidos nas correspondentes bases ..

En Portomarin a de de 2010.

O Solicitante

Asdo: